

# A PAISAXE COMO CATEGORÍA XURÍDICA E A SÚA PROTECCIÓN

LANDSCAPE AS A LEGAL CATEGORY AND ITS PROTECTION

Consuelo Castro Rey

**Resumo:** O concepto de paisaxe non sempre existiu nas sociedades humanas senón que é unha construción cultural recente que, no mundo occidental, non apareceu até a Idade Moderna e que se vén transformando desde entón. Máis recente aínda é o tratamento da paisaxe no dereito, que só empezou cando os fenómenos de degradación do territorio causados polos procesos económicos e produtivos sensibilizaron a sociedade, dando lugar a unha demanda de protección xurídica. O artigo examina a aparición, a evolución e a visión actual do concepto e da natureza xurídica da paisaxe, así como da súa regulación no dereito positivo.

**Abstract:** The concept of landscape has not always existed in human societies; it is a recent cultural construction that did not appear in the Western world until the Modern Age and has subsequently undergone transformation. The legal approach to landscape is an even more recent development that only began when the phenomena of land degradation caused by economic and productive processes raised awareness in society, giving rise to a demand for legal protection. The article examines the emergence, evolution and current vision of the concept and legal nature of landscape, as well as its regulation in positive law.

**Palabras chave:** paisaxe, natureza, territorio, contorna, degradación, acción humana, paisaxe natural, paisaxe cultural, evolución, percepción, protección.

**Key words:** Landscape, nature, territory, environment, degradation, human action, natural landscape, cultural landscape, evolution, perception, protection.

## 1. INTRODUCCIÓN

Os cambios na economía mundial, caracterizada hoxe pola globalización e a aceleración e intensificación dos procesos produtivos, están a producir fenómenos de degradación do contorno. As deficientes técnicas de produción agrícola, forestal, industrial e mineira; a extensión incontrolada da urbanización e o desenvolvemento intensivo de infraestruturas de transporte e de produción enerxética, entre outros factores, dan lugar á simplificación de paisaxes e á perda da súa diversidade e das súas características autóctonas, ao abandono de zonas rurais, á extensión de plantacións e terras baldías, á destrución de bosques polos lumes ou pola deforestación, e á explotación salvaxe do solo. En definitiva, estase a producir unha transformación acelerada das paisaxes e, nos máis dos casos, unha intensa degradación.

Estes fenómenos comezan a xerar unha reacción por parte da sociedade. Aparece unha sensibilidade colectiva que se traduce nunha demanda de protección, e esta abre o camiño á intervención do dereito. Xorde así o interese no estudo da paisaxe como obxecto de regulación xurídica.

O recente destes achegamentos fai que nos atopemos perante un campo de estudo novo para os xuristas: a paisaxe aínda é para o dereito un concepto en construción; está vivo o debate sobre a súa natureza e o seu tratamento xurídico está en evolución constante. De aí que constitúa, ao meu parecer, ademais dun tema de interese social, un tema que debe espertar o interese dos xuristas.

## 2. O CONCEPTO COMÚN DE PAISAXE

Se ben a palabra *paisaxe* forma parte da nosa linguaxe habitual e seguramente todos cremos saber o que ese vocábulo significa, o certo é que o concepto de paisaxe 1) é relativamente recente, 2) non foi sempre igual, senón que vén evolucionando ao longo da historia e adaptándose a novas realidades conceptuais, e 3) aínda hoxe resulta difícil de delimitar e non constitúe un concepto asentado e cun significado claro.

O de paisaxe é, como digo, un concepto moderno. En efecto, alén da capacidade humana, a que temos cada individuo, de contemplar o mundo que nos arrodea, de apreciar beleza nel e de experimentar pracer nesa contemplación, o concepto de paisaxe só aparece cando esa maneira de achegarse á natureza entra a formar parte da cultura dun pobo, é dicir, cando esa perspectiva —que podemos denominar sensibilidade paisaxística— se incorpora ao xeito habitual de relacionarse unha sociedade coa súa con-

torna. Na cultura occidental iso non acontece até a Idade Moderna, a finais do século XVIII e nomeadamente no século XIX, co Romanticismo.

O xurdimento na nosa cultura da denominada “sensibilidade paisaxística” obedece á aparición de novas formas de percibir e comprender o espazo, e comeza a conformarse en dous ámbitos: o artístico e o científico.

Estas dúas novas formas de achegarse á natureza que aparecen na época romántica —a artística e mais a científica— reflíctenas moi graficamente Pedro Urquijo e Narciso Barrera (2009) con estas palabras: “Ante el paisaje, el sujeto romántico contempla, siente e imagina; pero también observa, piensa y razona”.

No que atinxe ao ámbito artístico, durante o Romanticismo o medio físico deixa de verse só como o lugar onde se realizan as actividades humanas para se converter no tema central da obra de arte, tanto na pintura (representacións de paisaxes) coma na literatura (descrición de paisaxes, literatura de viaxes). Como reacción ao racionalismo da Ilustración, no Romanticismo predomina unha visión poética e idealizada, o mundo percíbese sensorialmente, cargado de subxectividade. Por outra banda, os nacionalismos que xorden neses momentos exaltan a paisaxe como forma de exaltaren tamén os valores dos territorios. A paisaxe principia a ser obxecto de consumo por parte das elites culturais e sociais.

A finais do século XVIII empezouse tamén a estudar a natureza desde unha perspectiva científica. Os estudos desenvolvidos polos primeiros naturalistas deron lugar ao nacemento da xeografía como disciplina dedicada ao estudo da natureza. Foi precisamente nese ámbito onde se acuñou o vocábulo *paisaxe*.

O primeiro en dotar de metodoloxía científica o estudo da natureza e en establecer un concepto de paisaxe foi o naturalista alemán Alexander von Humboldt. Os seus traballos superaron a mera descrición dos fenómenos naturais para se ocuparen de observar e despois sistematizar os datos, ordenándoos, comparándoos, tirando conclusións e establecendo categorías. Diferenciou a “natureza” da “paisaxe”, entendida esta como o produto dunha trama de relacións sociais e culturais que actúan sobre a natureza e producen unha modificación fisiográfica do territorio. Na súa opinión, a paisaxe ten unha compoñente natural e unha compoñente cultural.

Ao longo do século XX defendéronse dúas concepcións distintas da paisaxe: a naturalista e a cultural. A primeira, a naturalista, concibe a paisaxe como un sistema natural, un espazo natural libre da intervención humana. Este concepto de “paisaxe natural” é o que predomina até mediados de século. A segunda, a cultural, concibe a paisaxe como o resultado da

interacción entre o home e a natureza, como o produto da acción conxunta de factores naturais e factores humanos. Esta concepción xorde tras da segunda guerra mundial e vaise impondo ao longo da segunda metade do século xx.

Estas dúas concepcións teñen en común que ambas conciben a paisaxe como unha realidade física obxectiva, un espazo físico. Porén, desde finais do século xx, e xa decididamente no século xxi, ao concepto de paisaxe incorporóuselle un novo elemento de carácter subxectivo: a percepción. A percepción sería o vehículo a través do cal unha mera realidade física se converte en paisaxe.

A paisaxe —dise— é unha construción, unha elaboración mental que realizamos os seres humanos a través dos fenómenos da cultura; é un tanxible xeográfico e máis a súa representación intanxible composta por lecturas subxectivas que atribúen a esa realidade física significados de diversa índole (estéticos, vivenciais, identitarios, simbólicos).

A observación da realidade conduce á interpretación do observado, e a interpretación vai seguida da valoración ou a asignación dun valor. Todos estes procesos conforman o que denominamos “percepción”.

Nesta concepción, a noción de paisaxe está integrada por un elemento obxectivo (unha realidade física que é, á súa vez, o produto da interacción de dous factores: a natureza e a acción humana) e un elemento subxectivo (a percepción, que inclúe os fenómenos de observación, interpretación e asignación de valor por parte dos seres humanos). Por outra banda, esta asignación de valor converte a paisaxe nun recurso, é dicir, unha fonte de beneficios de diversa índole, tanto materiais como inmateriais.

### 3. A RECEPCIÓN DO CONCEPTO POLO DEREITO. O CONCEPTO XURÍDICO DE PAISAXE

Falamos de recepción do concepto de paisaxe polo dereito para referirnos ao proceso polo cal a paisaxe pasa de ser obxecto de estudo de distintas disciplinas científicas a recoñecérselle unha dimensión xurídica, é dicir, a converterse nun concepto relevante para o dereito e que debe ser obxecto de regulación xurídica.

Aínda que estaba presente nas ciencias e nas artes, a paisaxe como tal pasou inadvertida para o dereito até que, como indiquei ao comezo desta intervención, a nosa contorna empezou a sufrir alteracións graves e aceleradas causadas polas actividades humanas. Este tipo de alteracións xerou un fenómeno de sensibilización social. A sociedade empezou a valorar a calidade

da redonda e a ser consciente da súa dimensión económica, ambiental, cultural e social, así como do seu impacto no benestar e na calidade de vida. Tamén de que é un recurso que se esgota e/ou destrúe por determinadas accións humanas máis ou menos irreversibles.

Cando a sensibilidade colectiva acada un determinado nivel, empézase a sentir a necesidade de tutela xurídica e aparece unha demanda de protección polo dereito. É así como a paisaxe se converte nun concepto relevante para o dereito e que debe ser obxecto de regulación xurídica, o que non aconteceu até o século xx.

Na evolución do concepto xurídico da paisaxe pódense distinguir varias etapas correlativas coas que expuxemos antes na evolución do concepto común de paisaxe.

Na primeira metade do século xx é a dimensión sensible ou estética da paisaxe a que principia a ser destinataria dunha protección legal. A paisaxe concíbese, como antes se dixo, como “paisaxe natural”. Nesta etapa inicial, o dereito reflicte unha concepción esteticista que limita o concepto de paisaxe a aqueles territorios que posúan unhas características consideradas excepcionais desde un punto de vista histórico, natural ou estético. Coherentemente, a protección xurídica limitouse a eses espazos concretos, sendo a súa finalidade a conservación e salvagarda do seu valor extraordinario.

A esta concepción corresponde un sistema baseado na delimitación de coutos pechados ou “reservas”, aos que se procura illar das influencias da actividade humana transformadora para preservar as súas características naturais. A esta visión responden conceptos como os de parque nacional, espazo natural protexido e outros semellantes, dos cales a primeira manifestación foi a creación do Parque Nacional de Yellowstone nos EUA en 1872. Exemplo desta concepción é tamén o artigo 45.2 da Constitución española de 1931 que establecía que “el Estado protegerá también los lugares notables por su belleza natural o por su reconocido valor artístico e histórico”.

A partir da segunda guerra mundial empézase a asignar á paisaxe un valor patrimonial, é dicir, a considerala como un patrimonio. Esta concepción ten reflexo na Convención da UNESCO para a Protección do Patrimonio Mundial, Cultural e Natural, de 1972. Aínda que nela non se fala expresamente de paisaxe, é a primeira vez que, xunto cos bens e os conxuntos de bens, se recoñece a existencia dun patrimonio espacial ou territorial —constituído por “lugares ou zonas” e non por bens concretos—. Así, dentro do patrimonio natural inclúense “os lugares naturais ou as zonas naturais estritamente delimitadas, que teñan un valor universal excepcional desde o punto de vista da ciencia, da conservación ou da beleza natural”

(artigo 2). E tamén dentro do patrimonio cultural se inclúen os “lugares”, definidos como “obras do home ou obras conxuntas do home e a natureza, así como as zonas que teñan un valor universal excepcional desde o punto de vista histórico, estético, etnolóxico ou antropolóxico” (artigo 1). Como se pode apreciar, séguese a utilizar unha concepción estática, construída sobre a existencia dun valor que se debe preservar dos cambios. Ademais, o patrimonio natural e o patrimonio cultural considéranse como dúas tipoloxías distintas.

A partir da década dos 60 do século xx comeza a superarse a concepción estática da paisaxe e empezan a concibirse as paisaxes protexidas como territorios vividos, habitados, que experimentan modificacións. Ábrese paso unha concepción dinámica da paisaxe, entendida como unha realidade en continua transformación.

Por outra banda, as tipoloxías de patrimonio natural e patrimonio cultural empezan a xustapoñerse, aparecendo categorías que as artellan e que toman en consideración a interacción entre o ser humano e a natureza; isto é, entre factores culturais e naturais. A paisaxe empézase a concibir como unha realidade dinámica (en continua transformación) e complexa (conformada por elementos naturais e culturais, materiais e inmateriais, tanxibles e intanxibles).

No ano 1992, a noción de patrimonio mundial enriqueceuse co concepto de paisaxe cultural, que introduciu o Comité de Patrimonio Mundial nas Directrices Prácticas para a aplicación da Convención. As Directrices definen as paisaxes culturais como “bens que representan a obra conxunta do home e a natureza”, e que “comprenden unha gran variedade de manifestacións da interacción entre a humanidade e o seu contorno natural”.

A finais do século xx principia unha nova etapa no tratamento xurídico do territorio coa aparición do concepto de planificación territorial. A paisaxe empeza a verse como un espazo complexo, no que conflúen un conxunto de elementos diversos, tanto naturais coma artificiais, que deben ser obxecto dunha integración axeitada.

Xa non só se pensa en áreas concretas delimitadas merecedoras de protección, senón que, para calquera territorio, se considera necesario que a confluencia e interacción de todos eses elementos sexa obxecto de planificación. Apréciase a necesidade de ordenar os usos do territorio e de procurar a harmonía e unha adecuada integración de todos os elementos que conforman o contorno.

Esta nova perspectiva apunta e marca o camiño cara á aparición dun concepto xurídico de paisaxe. De todos os xeitos, aínda non podemos falar

dunha concepción autónoma da paisaxe. Tampouco existe unha regulación xurídica específica, senón regulacións fragmentarias e dispersas (agricultura, cultura, obras públicas, medio ambiente, ordenación do territorio) que teñen por obxecto cada un dos diversos elementos que compoñen a paisaxe, pero non esta no seu conxunto.

A última etapa desta evolución xurídica sitúase nos últimos anos e responde a unha concepción social da paisaxe. No tratamento xurídico da paisaxe xa non só se toma en consideración a realidade obxectiva (o territorio e o que hai nel) senón tamén, e de maneira destacada, a relación sensible que establecen as persoas coa súa contorna, o seu valor para a cidadanía que o percibe, a función que ten como sistema referencial (simbólico, identitario, sentimental etc.).

A paisaxe empeza a entenderse como o marco de vida das persoas que o habitan e un elemento da identidade das comunidades. Un produto das relacións que tecen as persoas coa súa contorna dando lugar a procesos de identificación e de asignación de sentido a un territorio. Desde esta perspectiva, a finalidade do dereito xa non é protexer un territorio ou espazo determinado, atendendo ás súas características extraordinarias, senón, en palabras de Riccardo Priore, secretario do Convenio da Paisaxe do Consello de Europa, protexer “a necesidade das persoas de estableceren unha relación sensible cun territorio, de se beneficiaren desa relación e de participaren na determinación das características formais dos lugares que habitan ou frecuentan” (Priore 2002). Como di ese mesmo autor, ocuparse das paisaxes é protexer os sentimentos que vencellan os cidadáns co seu marco cotián de vida.

Desde ese punto de vista, todos os territorios constitúen o marco de vida dunha poboación e todos teñen, xa que logo, unha dimensión paisaxística que lle interesa ao conxunto dos seus habitantes. A protección, por conseguinte, non se debe limitar a algúns territorios, senón que debe estenderse a todos os espazos “fronte a aqueles factores que os afean e banalizan, que reducen a diversidade dos lugares e as súas características propias, debilitando a identidade e o sentimento de pertenza dos seus habitantes e arredando os visitantes doutros lugares” (Priore 2002).

Dito doutro xeito, todos os cidadáns teñen dereito a unha paisaxe de calidade, aínda que os territorios nos que habitan non teñan características excepcionais. A paisaxe debe ser recoñecida como un recurso colectivo e como unha parte esencial do patrimonio de todos.

Este enfoque constitúe un evidente cambio de paradigma no concepto de paisaxe e no seu tratamento xurídico, e ten a súa principal consagración

no Convenio Europeo da Paisaxe do Consello de Europa, asinado en Florencia o 20 de outubro de 2000, e ratificado por España o 26 de novembro de 2007.

En liña co que queda exposto, o Convenio de Florencia define a paisaxe como “calquera parte do territorio tal como a percibe a poboación, cuxo carácter sexa resultado da acción e a interacción de factores naturais e/ou humanos”. Desta definición do Convenio resultan as tres notas seguintes, representativas da nova concepción á que nos estamos a referir:

1. Universalización do concepto de paisaxe. A regulación do Convenio proxéctase non sobre áreas concretas delimitadas, senón sobre “calquera parte do territorio”, “tanto as paisaxes que se poden considerar excepcionais coma as paisaxes cotiás ou degradadas”.
2. A paisaxe non se considera obxecto de contemplación senón de percepción. Polo tanto, a protección pódese estender a aspectos distintos dos que se perciben a través da vista (por exemplo, elementos como o silencio poden ser relevantes para identificar, valorar e protexer unha determinada paisaxe; o cheirume emitido por unha industria pode distorcer gravemente a percepción dunha paisaxe etc.).
3. Concepción integral da paisaxe como resultado da interacción de factores naturais e humanos. O concepto de paisaxe non inclúe unicamente a suma dos elementos naturais, artificiais e culturais presentes nela, senón a relación entre todos eles e a destes cos habitantes do territorio.

Con este novo enfoque principia a elaboración dun concepto autónomo de paisaxe, como un valor independente dos elementos que a compoñen, relevante por si mesmo para o dereito.

Finalmente, as máis recentes achegas á concepción xurídica da paisaxe consistirían no recoñecemento, non só da paisaxe como obxecto do dereito con substantividade propia, senón tamén dun dereito subxectivo á paisaxe; isto é, dun dereito a esixirlles aos poderes públicos a protección dos valores inmateriais que subxacen na relación dos individuos e das sociedades coa súa contorna.

Ese dereito concretaríase na posibilidade de esixir a protección da paisaxe nos procesos de planificación e xestión do territorio e en todas as políticas sectoriais, e implicaría a positivización do dereito de participación dos habitantes e doutros actores relevantes nos devanditos procesos.

#### 4. NATUREZA XURÍDICA DA PAISAXE

Un dos debates que se suscitou sobre a natureza xurídica da paisaxe é o relativo á categoría ou tipoloxía de bens na que esta se debe encadrar. Discutiuse así se a paisaxe debía conceptuarse como un ben público (titularidade dunha Administración pública), un ben común (titularidade dunha comunidade) ou un ben colectivo (titularidade da sociedade).

Estas análises abordan a natureza xurídica da paisaxe desde unha perspectiva patrimonial que parte de categorizalo como un “ben” no sentido civil ou dominical do vocábulo, que pivota sobre o factor da titularidade, é dicir, do dereito de propiedade.

Este enfoque é, ao meu xuízo, cuestionable e non se concilia ben co concepto de paisaxe que se manexa na actualidade, no que está presente non só a realidade obxectiva do territorio senón, sobre todo, as relacións que se establecen entre este e as persoas que o habitan ou que o visitan.

Se entendemos que o que converte unha realidade física en paisaxe é a forma de relacionarse as persoas coa súa contorna desde a subxectividade e a cultura a través de procesos emocionais e de identificación, que a converten nunha fonte de benestar e calidade de vida, a paisaxe non se debería cualificar como un ben no sentido dominical do vocábulo senón como un interese protexible.

Esta perspectiva afástanos da consideración da paisaxe-territorio como obxecto do dereito e condúcenos máis ben a interpretar que o que é obxecto de protección xurídica son os beneficios de distinto tipo que a percepción da paisaxe produce na vida das persoas e das comunidades.

Dito doutro xeito, o que se tutela xuridicamente non é tanto un obxecto, unha realidade física, coma o interese das persoas en habitar unha paisaxe de calidade, entendendo por paisaxe “de calidade” a que repercute positivamente na calidade de vida das persoas e das comunidades nas que estas se integran.

Este enfoque lévanos a analizar a natureza xurídica da paisaxe desde a perspectiva non tanto do obxecto do dereito coma do dereito subxectivo, enfoque que nos conduce ao eido dos dereitos económicos e sociais, dereitos de terceira xeración que seguen aos dereitos civís e aos dereitos políticos.

Intereses tutelables de natureza semellante serían o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa, positivizado no noso dereito —artigo 45 da Constitución Española— dentro dos principios reitores da política social e económica.

A xurisprudencia do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos considera a paisaxe como un “interese xurídico colectivo” que comporta determinados

deberes xurídicos de protección por parte dos poderes públicos e pode supoñer tamén a limitación de dereitos e intereses particulares (Muriel Herrick c. Reino Unido, 11/III/1985; Buckley c. Reino Unido, 25/IX/1996; Coster e outros c. Reino Unido, 18/I/2001; Valico SRL c. Italia, 21/III/2006).

O Tribunal Constitucional, pola súa parte, ocupouse da paisaxe na Sentenza 102/1995, de 26 de xuño, que resolveu os recursos contra a Lei de Conservación dos Espazos Naturais Protexidos e da Flora e Fauna Silvestres de 1989. A sentenza reflicte, por unha banda, unha concepción hoxe superada (esteticista, estática e sen substantividade propia), cualificando a paisaxe con estas palabras:

noción estética, cuyos ingredientes son naturales —la tierra, la campiña, el valle, la sierra, el mar— y culturales, históricos, con una referencia visual, el panorama o la vista, que a finales del siglo pasado obtiene la consideración de recurso, apreciado antes como tal por los aristócratas, generalizado hoy como bien colectivo, democratizado, en suma y que, por ello, ha de incorporarse al concepto constitucional del medio ambiente.

Pero, por outra banda, cualifica a paisaxe como “sistema” e di que “el paisaje, [...] no es sólo una realidad objetiva sino un modo de mirar, distinto en cada época y cada cultura”. Apunta pois tamén ao seu carácter complexo (sistema) e á presenza dun elemento subxectivo (non é só unha realidade obxectiva senón un xeito de mirar). Así mesmo incorpora a perspectiva do dereito subxectivo ao indicar que “cada cual tiene el derecho inalienable a habitar en su entorno de acuerdo con sus características culturales”.

Finalmente, como dixemos antes, as máis recentes achegas á concepción xurídica da paisaxe consistirían no recoñecemento dun dereito subxectivo á paisaxe; isto é, dun dereito a esixirilles aos poderes públicos a protección dos valores inmateriais que subxacen na relación dos individuos e das sociedades coa súa contorna.

## 5. TRATAMENTO XURÍDICO POSITIVO DA PAISAXE

Limitareime neste apartado a expoñer as liñas xerais do Convenio de Florencia, que constitúe hoxe a referencia principal nesta materia e o modelo que seguen os máis dos ordenamentos, tanto os dos Estados do Consello de Europa coma os dos demais Estados.

A regulación do Convenio de Florencia baséase nun conxunto de principios que se poden resumir como segue:

1. A paisaxe é un elemento clave do benestar individual e social. A súa protección, xestión e ordenación implican dereitos e responsabilidades para todos, poderes públicos e cidadanía.
2. Existe unha relación entre paisaxe e desenvolvemento sustentable. Recoñécese a relación entre os factores naturais ou ambientais e os factores sociais, políticos e económicos. Establécese así como obxectivo o de “garantir o mantemento regular dunha paisaxe co fin de guiar e harmonizar as transformacións inducidas polos procesos sociais, económicos e medioambientais” (artigo 1, letra e).
3. A paisaxe contribúe a formar a identidade territorial e é un compoñente fundamental do patrimonio dos pobos, expresión da súa diversidade natural e cultural.
4. A poboación eríxese nun elemento central de referencia na regulación da paisaxe. O Convenio contempla o papel activo dos cidadáns na toma das decisións que afecten ás paisaxes e esixe a súa participación na planificación e implementación de políticas que afecten á paisaxe da súa contorna.
5. Ademais de ser un ben de interese xeral nos ámbitos cultural, ecolóxico, medioambiental e social, o Convenio considera que a paisaxe é tamén un recurso favorable para a actividade económica, e que a súa protección, xestión e ordenación poden contribuír á creación de emprego.

En aplicación destes principios, o Convenio de Florencia imponse aos Estados signatarios un conxunto de obrigas, das que cabe salientar as seguintes:

1. Obriga de recoñecer xuridicamente as paisaxes como elemento fundamental do contorno humano.
2. Obriga de integrar a paisaxe en todas as políticas sectoriais (ordenación territorial e urbanística, cultural, medioambiental, agrícola, social, económica e calquera outra que poida ter impacto na paisaxe).
3. Obriga de establecer procedementos para a participación pública, dos cidadáns, das Administracións locais e rexionais, e de todas as partes interesadas. Na miña opinión, un punto esencial e unha gran materia pendente en todos os procesos de planificación territorial.
4. Obriga de adoptar medidas de sensibilización da sociedade e das autoridades públicas, de formar especialistas e de educar a infancia, de

identificar e cualificar as paisaxes propias, de analizar as súas características e facer seguimento das súas transformacións; de definir obxectivos de calidade paisaxística; e de aplicar políticas en materia de paisaxe.

Os principios do Convenio foron incorporados ao noso dereito tanto a nivel estatal (na Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e a Diversidade e na Lei 45/2007 para o Desenvolvemento Sustentable do Medio Rural) coma, nomeadamente, a nivel autonómico. No caso de Galicia, a normativa vixente está constituída pola Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia; o Regulamento de desenvolvemento da Lei, aprobado por Decreto 96/2020, de 29 maio; e as Directrices de paisaxe de Galicia, aprobadas por Decreto 238/2020, de 29 decembro.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Consello de Europa (2000). *Convenio europeo da paisaxe*. Florencia: Consello de Europa. Dispoñible en <https://www.mapa.gob.es/dam/mapa/contenido/desarrollo-rural/temas/desarrollo-territorial/paisaje/convenio-europeo-del-paisaje/09047122800d2b5d.pdf>
- Priore, Riccardo (2002). Derecho al paisaje, derecho del paisaje. Motivaciones sociales y objetivos políticos de la evolución de la aproximación al paisaje en el derecho europeo. En: Florencio Zoido Naranjo e Carmen Venegas Moreño, coords. *Paisaje y ordenación del territorio*. Sevilla: Junta de Andalucía e Fundación Duques de Soria, 92-99.
- Urquijo Torres, Pedro S. e Barrera Bassols, Narciso (2009). Historia y paisaje. Explorando un concepto geográfico monista. *Andamios. Revista de Investigación Social*. 5(10), 227-252. DOI: 10.29092/uacm.v5i10.175